

A EXPOSICIÓN ITINERANTE SOBRE O PACTO VERDE EUROPEO DE EUROPE DIRECT A CORUÑA VIAJARÁ ESTE VERÁN A CATRO CONCELLOS DA PROVINCIA

Publicado por Redacción A Coruña | Jun 28, 2023 | GALICIA | 0 📍 | ★★★★★



A mostra inaugúrase o 30 de xuño en Fene onde permanecerá dúas semanas antes de trasladarse a Cabanas, Rois e Sada

A mostra Pacto Verde Europeo do centro EUROPE DIRECT A Coruña inicia o vindeiro 30 de xuño o seu terceiro verán de xira por concellos da provincia co obxectivo de achegar á cidadanía de maneira didáctica e sinxela os obxectivos e medidas da política medioambiental e climática da Unión Europea. A mostrapasará por Fene, Cabanas, Rois e Sada.

A exposición, que estará situada ao aire libre para facilitar o acceso á veciñanza destes municipios, inaugurarase o vindeiro venres, 30 de xuño en Fene, onde poderá visitarse na praza do 10 de marzo, en San Valentín, ata o 14 de xullo. A inauguración terá lugar o 3 de xullo ás 21 horas, e contará cunha actuación artística de malabares, acrobacias e equilibrios para o público asistente e que servirá de introdución á temática da mostra.

A exposición, que estará situada ao aire libre para facilitar o acceso á veciñanza destes municipios, inaugurarase o vindeiro venres, 30 de xuño en Fene, onde poderá visitarse na praza do 10 de marzo, en San Valentín, ata o 14 de xullo. A inauguración terá lugar o 3 de xullo ás 21 horas, e contará cunha actuación artística de malabares, acrobacias e equilibrios para o público asistente e que servirá de introdución á temática da mostra.

O Pacto Verde Europeo é a folia de ruta da Unión Europea para avanzar cara un sistema económico sostible, moderno e competitivo que sexa capaz de facer un uso eficiente dos recursos. Como se explica de maneira accesible nos paneis, o obxectivo final é acadar a neutralidade climática no ano 2050.

EXPERIENCIA INTERACTIVA

A mostra busca tamén a participación do público asistente a través da experiencia interactiva. Propóñense dúas experiencias para continuar a inmersión no Pacto Verde Europeo a través do teléfono móbil. Así, poderase atopar a Estación Verde, un entorno virtual en 3D no que se atopan vídeos realizados polo alumnado de centros galegos con consellos sobre sostibilidade, contidos didácticos, unha versión virtual da mostra e un punto informativo sobre as funcións do centro EUROPE DIRECT A Coruña, aos que se pode acceder escaneando códigos QR.

Tamén está dispoñible o xogo Pacto Verde Europeo, un escape room online deseñado para poñer a proba os coñecementos sobre o coidado do medio ambiente do público de todas as idades.

PARADAS DA EXPOSICIÓN

A mostra, realizada con materiais reciclados e reutilizables, realizará a segunda parada do 14 ao 28 de xullo en Cabanas, no parque do Areal, e en setembro continuará en Rois, onde estará do día 8 ao 22. A última parada será do 22 de setembro ao 2 de outubro en Sada. Cada unha das paradas contará tamén cunha actuación da performance artística sobre o Pacto Verde Europeo.

Para información complementaria, pódese contactar a través do correo electrónico europedirect@dacoruna.gal, ou ben, no

número de teléfono 981 080 331.

Hai tamén máis información dispoñible na páxina web.



COMPARTIR:



TARIFA:



< ANTERIOR

SIGUIENTE >

Isabel Rodríguez reivindica en Lugo no Día do Orgullo LGTBI "non dar nin un paso atrás no conseguido ata o de agora"

'Aida' y 'Romeo et Juliette' platos fuertes de la Temporada Lirica 2023 de Amigos de la Ópera de A Coruña

SOBRE EL AUTOR



Redacción A Coruña

ARTÍCULOS RELACIONADOS

ESCALA DE PUNTOS DE CALIDAD AMBIENTAL

"Hacer de alguna manera para que en las bases salgamos beneficiados"

4 de febrero de 2023



'Auga que has de beber, non a deixes perder', a campaña de Carral ante a prealerta por escaseza

9 de agosto de 2023

ESCALA DE PUNTOS DE CALIDAD AMBIENTAL

Comezan as votacións para escoller a Mellor Poesía do Ano 2022 na Galiza e en Portugal

18 de abril de 2023



El vertido detectado en el Mendo el pasado día 13 era de fecales y contenía niveles de norovirus

21 de junio de 2023

DEJA UNA RESPUESTA

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

COMENTARIO

NOMBRE *

CORREO ELECTRÓNICO *

WEB

PUBLICAR COMENTARIO



[Texto Legal](#) | [Política de Privacidad y de Cookies](#)

CONTACTO CON 21NOTICIAS

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

direccion@21noticias.com

admin@21noticias.com

